



O vicepresidente económico, Francisco Conde, participou en Lugo na presentación de proxectos da terceira edición

A XUNTA CONFÍA EN QUE AS SETE NOVAS INICIATIVAS SELECCIONADAS PARA PARTICIPAR NA BFAERO CONSOLIDEN ESTA ACELERADORA COMO O NÚCLEO DA INDUSTRIA AEROESPACIAL GALEGA

- ***Con catro proxectos de fóra de Galicia -dous de Madrid, un de Alacante e outro de Zaragoza- a terceira edición ábrese ao exterior e confirma o interese que esperta esta iniciativa na que tamén participarán equipos da Coruña, Pontevedra e Vigo***
- ***As dúas primeiras convocatorias tradúcense en 3,6M€ mobilizados, 63 empregos creados e cinco empresas constituídas ao seu abeiro***
- ***O Polo Aeroespacial de Galicia, que conta o vindeiro ano 2021 con 20M€ reservados nos Orzamentos da Xunta, é un dos 108 proxectos presentados por Galicia para optar aos fondos europeos***

Lugo, 1 de decembro de 2020.- O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, asistiu esta mañá na Fundación CEL en Lugo ao acto de presentación dos proxectos seleccionados na terceira edición da BFAero, unha nova convocatoria que se abre ao exterior e confirma o interese que esperta esta aceleradora aeronáutica, xa que catro dos sete proxectos que participarán son de fóra de Galicia. “A nova edición achega unha imaxe clara dun Polo Aeroespacial aberto a novas iniciativas que pretenden non só reter, senón tamén captar talento”, explicou Conde.

Na súa intervención, o vicepresidente segundo, asegurou que confía en que as novas iniciativas consoliden a BFAero como o núcleo da industria aeroespacial. Os proxectos seleccionados permitirán avanzar na autonomía, servizos, control de voo, xestión e operacións con drones. “A BFAero é unha iniciativa que aposta polo emprendemento con proxectos que dan resposta aos retos marcados polos nosos socios tecnolóxicos, atendendo as necesidades dun sector estratéxico”, subliñou.

A través desta aceleradora preténdese consolidar o tecido empresarial, fundamentalmente as pemes; transferir ao mercado novas solucións innovadoras e atraer e reter talento. Nas dúas edicións anteriores, este programa xa permitiu mobilizar 3,6M€; crear 63 empregos e constituír cinco empresas ao seu abeiro. Hoxe mesmo, ademais, licenciáronse tres proxectos: a aeronave UAV Works (de Valencia); as pezas para drones de Lupeón (Nigrán) e mais a plataforma para análise de datos de Pildolabs (Lugo).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Conde, que destacou o espírito de colaboración público-privada que define a BFAero, lembrou que a industria aeroespacial, a través do Polo Aeroespacial de Rozas, é un dos 108 proxectos cos que Galicia optará aos fondos europeos de recuperación. Insistiu na oportunidade que supoñen para transformar o modelo económico galego e lembrou que os Orzamentos da Xunta reservan para o 2021 un total de 20M€ para consolidar esta iniciativa.

Os proxectos da terceira edición

Dos sete proxectos seleccionados na BFAero, catro serán acelerados e outros tres incubados. En concreto realizarán a fase de aceleración CIES Solar de Pontevedra, que buscará realizar misións automáticas de fotogrametrías de máis de 1000 hectáreas ao día; SAQQARAH, de Vigo, para afondar na inspección de procesos industriais e verquidos medioambientais; PrimeCor, de Alacante, desenvolverá un sistema de control de voo para drons fiable, seguro e certificable e Atom, de Madrid, ofrecerá unha ferramenta integral para o uso de drons en operación e mantemento de instalacións industriais.

En canto aos proxectos de incubación serán Dronesuit da Coruña, unha plataforma cloud con ferramentas e utilidades para facilitar a xestión, operación e administración; Pharmadron, de Zaragoza, avanzará no uso de vehículos non tripulados no sector da loxística e distribución no sector da saúde; e SOLARBotix, de Madrid, estudará a viabilidade da fabricación de placas solares mediante tecnoloxías de fabricación de compostos para que poidan modelarse en superficies non planas como as ás dos avións.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN